

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve provisionalmente o procedemento para cambio de destino e reingreso a resultas deste por profesores especiais de institutos técnicos de ensinanzas medias a extinguir.

Mediante a Orde do 17 de outubro de 2016 anunciouse procedemento para cambio de destino e reingreso a resultas deste por profesores especiais de institutos técnicos de ensinanzas medias que se van extinguir.

Procede agora facer pública a adxudicación provisional de destinos obtidos neste procedemento para cambio de destino e reingreso a resultas deste. Na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro. En virtude desta resolución provisional de procedemento para cambio de destino e reingreso a resultas deste, adxudicar destino definitivo a Francisco González Conde, NIF 34943755Q, no IES As Lagoas, Ourense, código 32009190, cunha baremación total de 4 puntos.

Segundo. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base sexta da Orde do 17 de outubro de 2016, cabe reclamación no prazo de dez días naturais, contados a partir da data de exposición desta resolución. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para reclamacións.

Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Terceiro. As reclamacións e renuncias poderanse presentar en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no centro de destino sempre que, ademais, se remitan por fax, dentro do prazo establecido, ao Servizo de Profesorado de Educación Secundaria, Formación Profesional e Ensinanzas Especiais (número de fax 981 54 54 84).

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2017

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

